A Alcaldía do concello indicado solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan, solicitando tamén unha modificación dos prazos de execución e xustificación:

Concello de Quiroga

O concello de Quiroga incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

QUIROGA	233	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO DE TERREOS ADXACENTES AO ALBERGUE MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN DUNHA PRAZA					
		FINANCIACIÓN	50.000,00	0,00	50.000,00			X
	234	IDENTIFICACIÓN	REHABILITACIÓN URBANA DE BEIRARRÚAS E FAROLAS NAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, ANXEL FOLE, QUIROGA DE ARXENTINA, SAN MARTIÑO, RAMÓN Y CAJAL, CAMILO JOSÉ CELA, RIO LOR E PRAZA MAIOR DA VILA DE QUIROGA					
		FINANCIACIÓN	30.000,00	0,00	30.000,00			X
	235	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA REDE VIARIA LOCAL EN VILANUIDE, SAN MARTIÑO, FERREIRA, CENTEAIS, MONTEFURADO, ALDEA, IVEDO, VILLASTER, VILAR DE MONDELO, BENDOLLO, SOLDÓN, SEQUEIROS, PARADAPIÑOR, CEREIXIDO, VILARMIEL, O CASTEL, A BARCA, CASPEDRO, VILAÑAN, CARBALLO, FISTEUS, VESRREDONDA, VILLARBACÚ, CASA DO VELLO, O MAZO, OUTEIRO PACIOS DA SERRA, A ERMIDA, ARXUBIN, CAMPODOLA E LEIXAZOS E OS ACCESOS A MONTAÑA DO LOR, PARTEME, POZOS, SAN PEDRO, SANTA ANDREA, AS COVAS E OUTROS, (según coordenadas UTM).					
		FINANCIACIÓN	45.093,25	0,00	45.093,25			X
	236	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRO ELÉCTRICO E IMPLANTACIÓN DE BOMBA EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO					
		FINANCIACIÓN	58.631,10	13.368,90	72.000,00			X
	237	IDENTIFICACIÓN	ARRANXO E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E RÚAS MUNICIPAIS EN ACCESO A POZOS, VILAR DE MONDELO, OUTEIRO, CAMIÑO DE A XORDA-MONTEFURADO, VERGAZA, (según coordenadas UTM)					
		FINANCIACIÓN	45.036,40	0,00	45.036,40			X

A Alcaldía do Concello de Quiroga, solicitou a modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan único 2018, que foi aprobado polo Pleno ordinario desta entidade en data 25 de setembro de 2018, e quedando o investimento para o que solicita prórroga do seguinte xeito:

QUIROGA	236	IDENTIFICACIÓN	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO					
		FINANCIACIÓN	58.631,10	14.482,82	73.113,92		x	

Pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2018 adoptouse acordo de concesión de prórroga nos termos que se indican:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
236	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO	31-03-2019

Pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 03 de maio de 2019 adoptouse acordo de concesión de prórroga nos termos que se indican:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
236	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO	31-08-2019

A Alcaldía do Concello de Quiroga, a través de escrito, de data 12 de agosto de 2019 solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... motivado pola tardanza da preceptiva autorización previa da Confederación hidrográfica Miño- Sil ... o concello inda non dispón da autorización referida, (...) ” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
236	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO	30-09-2019

De igual Xeito, o Concello Solicita que se aprobe unha ampliación do prazo de execución do investimento ata o 15 de novembro de 2019 e de xustificación do mesmo ata o 30 de novembro de 2019.

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello de Quiroga, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, "os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello"; e 21 das bases "…excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno".

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga ao Concello de Quiroga para a adxudicación e formalización, e para a execución e xustificación dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, incluídos no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado e que a continuación se indica:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA	PRORROGA EXECUCIÓN ATA	PRORROGA XUSTIFICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN			
236	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO	30-09-2019	15-11-2019	30-11-2019

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga, e, en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación, execución e xustificación do investimento indicado deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV) e a xustificación nos termos indicados nas bases.

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA	PRORROGA EXECUCIÓN ATA	PRORROGA XUSTIFICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN			
236	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO	30-09-2019	15-11-2019	30-11-2019

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACÓN COA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS POLOS CONCELLOS DA POBRA DE BROLLÓN, A PONTENOVA E CARBALLEDO, NO PLAN ÚNICO 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"Polos Concellos de Pobra do Brollón, A Pontenova, Carballedo achégase certificado de adxudicación de investimentos, incluídos no Plan único 2018, e en relación co mesmo infórmase o seguinte:

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29/05/2018, figurando incluído o investimento que se sinala.

As bases do plan único establecen na base 18 o prazo para adxudicar os investimentos, sinalando "... os concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes as actuacións incluídas no Plan ata o 31 de outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do Concello"

Os concellos de Pobra do Brollón, A Pontenova, Carballedo, presentaron os correspondentes certificados do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración -anexos III ou IV-, no que se sinalan as datas de adxudicación,

figurando adxudicadas en data posterior ao prazo previsto nas bases, (31/10/2018), sen que conste solicitude de prórroga.

As datas que figuran son:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/18 Nº:	DATA ADXUDICACIÓN
CARBALLEDO	46	20/12/2018
CARBALLEDO	47	15/04/2019
POBRA DO BROLLÓN	216	10/04/2019
PONTENOVA (A)	225	04/04/2019
PONTENOVA (A)	228	06/02/2019

Así mesmo os concellos acompañan informe xustificando os retrasos na adxudicación das obras.

En relación coa adxudicación, fora do prazo inicialmente previsto, das referidas obras, por parte dos concellos indicados, cabe admitir a adxudicación, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analoxía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que "...transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada...", trámite que non se ten efectuado, no marco do procedemento de xustificación da achega concedida. Tampouco está iniciado o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da achega, toda vez que están en prazo para presentar a xustificación do investimento.

Neste sentido e como regra xeral, os interesados sempre poden aportar alegacións antes do trámite de audiencia, garantizado polo artigo 42 da LXS, no procedemento de reintegro que se aplica ao procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro dunha subvención (artigo 89 do RXLS). Neste caso non se ten producido nin un nin o outro.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, (derrogada), "... Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo".. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2018, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de adxudicar os investimentos indicados, incluídos no Plan único 2018, dos concellos indicados, e a achega a esta Deputación, debe entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

En relación coa adxudicación dos investimentos fora do prazo inicialmente fixado, ou fora da prórroga concedida, de ser o caso; de acordo co establecido no artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no paragrafo n) do apartado III do artigo 17 da lei ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención, tendo en conta o grao de intencionalidade, a contía e a gravidade do incumprimento, os prexuízos que se podan causar a terceiros e o prexuízo para os intereses públicos.

O aludido artigo 17.3.n) da LXS establece que a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, entre outros, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente vaia percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

O Servizo de Contratación e Fomento ven aplicando en casos precedentes e semellantes ao exposto o principio de proporcionalidade e considera que procede aceptar a adxudicación fora do prazo inicialmente establecido, ou das súas prorrogas, de ser o caso, con base no establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo ao amosarse unha actividade tendente ao cumprimento dos fins e obxectivos da subvención, polo beneficiario. A este respecto, cabe destacar

o indicado no Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid, de 12 de marzo de 2013 que, en relación coa presentación fóra do prazo establecido dos documentos xustificativos polo beneficiario, establece que: " … acreditado como queda el cumplimiento de la finalidad de la subvención dentro del plazo establecido en la orden reguladora de la subvención objeto de discrepancia, y teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, a juicio de esta Intervención General, no procede imponer el reintegro de las cantidades abonadas al beneficiario por la aportación extemporánea de los documentos justificativos de dicho cumplimiento, en tanto que, la inobservancia de un requisito de carácter formal no puede implicar una sanción de consecuencias patrimoniales desproporcionadas para aquel, como sería el caso del reintegro de la totalidad de la ayuda. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia más reciente, como es el caso de la sentencia de 29 de febrero de 2000 del Tribunal Superior de Justicia de Asturias, que confirma la no aplicabilidad del reintegro de la subvención por el beneficiario que incumple sus deberes formales de justificación (…)".

O artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no paragrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da lei ou, no seu caso, ás establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

Neste sentido pode invocarse a sentencia 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que "non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestímento" ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A STS 6/6/2007 aclara que "el principio de proporcionalidad... permite emplear ciertos criteriosde graduación de los posibles incumplimientos de las condiciones impuestas al conceder las subvenciones. Casos...en los que no existe un incumplimiento absoluto de la obligación de justificación, pueden no ser tratados del mismo modo que estos últimos. Si se trata de una justificación ligeramente tardía, resulta indiscutible la realización efectiva y material- y dentro de

su plazo propio- de las condiciones sustantivas y concurren las circunstancias excepcionales que ya hemos descrito, habrá junto de las relaciones Administración- beneficiario".

A STSJ de Castilla e León, Valladolid, 103/2007 de 19/1, nun suposto en que a presentación dos xustificantes de gastos se fizo 2 días despois da finalización do prazo, declara que non é procedente a revogación por "desproporcionada en relación con la naturaleza del incumplimiento que se atribuye a la parte, pues de seguir esta interpretación cualquier incumplimiento, por mínimo que fuese, acarrearía necesariamente la revocación de la subvención.." pero matiza "salvo que se desprenda que el incumplimiento del plazo de presentación, en relación con las normas de la convocatoria haya tenido una naturaleza transcendente para el fin de la subvención, o haya podido tener influencia en el ejercicio por la Administración de sus potestades de control y fiscalización..."

Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan único non indican consecuencias "fatales" ou de exclusión á circunstancia de non presentar en plazo as adxudicacións dos investimentos. Debe terse en conta o principio de "proporcionalidade" e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2019, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

Conclusión

Visto o antedito, cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, e tendo en conta que non é finalidade da administración Provincial cernar procedementos canalizados para servir ao interese xeral, e moi especialmente no plan que nos ocupa, dando cumprimento á competencia e responsabilidade do ente Provincial de cooperar cos Concellos, e en consecuencia, non se observa un detrimento ou perda; non existe ningunha circunstancia competitiva na tramitación, senón unha ordenación procedemental para alcanzar os obxectivos do plan, sendo estas as pautas aplicadas, desde que se comezou a implantar e aplicar o

plan único, de sorte que existen numerosos precedentes en distintas tramitacións dos plans precedentes, entende o que subscribe, que os trámites para a adxudicación, aínda que realizados con demora, non deben impedir, en aplicación do principio de proporcionalidade, que se acepte dito certificado, toda vez que, ademais, está en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar aos concellos en función da xustificación presentada, polo que se informa favorablemente a aceptación dos anexos III inda adxudicados fora do prazo inicialmente establecido.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar, á vista da súa xustificación e do informe do Servizo de Contratación e Fomento, os anexos III de adxudicación de investimentos incluídos no plan único 2018, achegados polos concellos indicados, nos que a adxudicación se ten realizada na data que se indica, con posterioridade a data límite fixada, tendo en conta que están en prazo para a presentación da conta xustificativa (30-09-2019), que será a que determine a cantidade a aboar ao concello:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/18 Nº:	DATA ADXUDICACIÓN
CARBALLEDO	46	20/12/2018
CARBALLEDO	47	15/04/2019
POBRA DO BROLLÓN	216	10/04/2019
PONTENOVA (A)	225	04/04/2019
PONTENOVA (A)	228	06/02/2019

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE LOURENZÁ, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos ConcelloS 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018, acordouse a aprobación das Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello …”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 20182018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Lourenzá

O Concello de Lourenzá presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
121	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE VIAS MUNICIPAIS: DE TRAVESÍA MARIÑA –ADA MONDOÑEDO, AVDA CALVO SOTELO, RÚA SECRETARIO LUÍS IGLESIAS-CARLOS PELEGRÍN OTERO, MADERNE E VEIGA	2018 1531 762	15.072,46€

Así mesmo, por escrito de data 13 de agosto de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 " ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…" nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE COMBRE, CASAL, BATÁN, OURAL, VALIÑA, OUTEIRO E SAN LOURENZO	1531 76255	15.072,46€	0,04€	15.072,50€

Tendo en conta a solicitude dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2018, "Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación sometaranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial…".

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo concello, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lourenzá, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento/s que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

IDENTIFICACIÓN	CONCELLO	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE COMBRE, CASAL, BATÁN, OURAL, VALIÑA, OUTEIRO E SAN LOURENZO	LOURENZA	1531 76255	15.072,46€	0,04€	15.072,50€

Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE INVENTARIOS E INFORMES TÉCNICO- ECONÓMICOS PARA A IMPLANTACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GASEODUCTOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 19 de agosto de 2019, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións:

Consideracións xurídicas

Incoouse expediente administrativo, coa finalidade de proceder á contratación da realización de inventarios e informes técnico- económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus art. 4 a 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro. As prestacións que conforman este servizo, non implican o exercicio de autoridade inherente ao exercicio das potestades públicas.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos arts. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo), reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola

que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, sendo que o valor estimado é de 218.958,30 euros.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP xustifícase a non división desta contratación en lotes en atención o recollido na cláusula 2.1 do PCAP:

"O obxectivo final único do contrato é o de prestar unha serie de servizos de forma conxunta para os 53 concellos da provincia de Lugo, polo que se require dunha coherencia e homoxeneidade dos resultados obtidos par así desenvolver a implantación da taxa nos mesmos. Deste xeito o orzamento e o plantexamento do contrato está orientado para que a mesma empresa, empregue unha mesma metodoloxía de traballo que sirva para confeccionar unhas ordenanzas fiscais e informes técnico- económicos en base a un inventario de redes de servizos de enerxía eléctrica e gas e un asesoramento pericial e xurídico uniforme para tódolos concellos adheridos ao convenio firmado. Pola contra, a división en lotes do obxecto do contrato, suporía que os resultados obtidos para os distintos concellos poderían ser dispares, ao empregar distintas metodoloxías de traballo e procedementos que poderían causar a posibilidade de cometer erros de diversa índole á hora de aplicar os resultados do traballo".

O anuncio de licitación publicouse o día 05 de decembro de 2018 no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) .

Visto que o día 9 de xaneiro de 2019 celebrouse Mesa de Contratación, na que se deu conta dos datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

As empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa proposta, polo que procedeuse á apertura e exame do sobre “A”.Neste sentido, no caso da oferta presentada pola UTE formada polas mercantís CALIXTO ESCARIZ,SLU, BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, non consta nomeado un representante, nin se pode comprobar a firma do ANEXO I dos representantes das empresas BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL. polo que é necesario requirir a subsanación da documentación seguinte:

Anexo I da mercantil BIGM CIVIL ENGINEERS,SL, asinado dixitalmente.

Anexo I da mercantil SERTOGAL,SL, asinado dixitalmente.

E compromiso de constitución da UTE, con designación do representante da citada UTE e asinado dixitalmente polos representantes das tres empresas.

A mesa de contratación acordou admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación e proceder a apertura do Sobre B relativo aos criterios non avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, condicionado a que se enmende o erro formal enunciado.

A apertura da sobre B, non foi posible, por erros informáticos no aplicativo que soporta o perfil do contratante desta Deputación, polo que se procedeu adiar a tramitación, ata a resolución dos problemas informáticos para a súa apertura, a cuxo fin se convocou unha nova sesión de mesa de contratación para o día 17 de xaneiro de 2019.

O día 17 de xaneiro do 2019, pola Presidencia deuse conta, previo estudio da documentación administrativa aperturada na mesa de contratación celebrada o día 09.01.2019, que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa proposta,coa salvidade que no caso da oferta presentada pola UTE formada polas mercantís CALIXTO ESCARIZ,SLU, BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, non consta nomeado un representante, nin se pode comprobar a firma do ANEXO I dos representantes das empresas BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL., polo que procede requirir emenda da documentación seguinte:

Anexo I da mercantil BIGM CIVIL ENGINEERS,SL, asinado dixitalmente.

Anexo I da mercantil SERTOGAL,SL, asinado dixitalmente.

E compromiso de constitución da UTE, con designación do representante da citada UTE e asinado dixitalmente polos representantes das tres empresas.

Empresas concorrentes.

Licitadores
CALIXTO ESCARIZ,SLU, BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)

De seguido, pero condicionado á emenda da documentación administrativa por parte da U.T.E. CALIXTO ESCARIZ,SLU, BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL , procedeuse á apertura dos sobres B dos licitadores concorrentes, relativos aos criterios cualitativos cuantificables mediante un xuízo de valor, segundo consta en acta incorporada ao expediente.

Con data 15 de abril de 2019, reuniuse novamente a Mesa de Contratación. Neste acto, deuse conta do informe emitido polo Xefe do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos e polo Arquitecto técnico provincial, en relación á aceptación da xustificación da oferta anormalmente baixa presentada pola U.T.E. formada polas mercantís CALIXTO ESCARIZ, S.L.U.; BGIM CIVIL ENGINEERS, S.L. e SERTOGAL, S.L., para o que a Mesa de Contratación acordou aceptar a xustificación e polo tanto a oferta presentada pola U.T.E.

A continuación deuse conta das valoracións das ofertas presentadas para os criterios cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica (Sobre C) e valoración total, tendo en conta as seguintes incidencias detectadas na documentación presentada polas empresas concorrentes no procedemento.

No criterio 2, non se valoraron as ofertas presentadas por ninguna das empresas, dado que na documentación aportada pola U.T.E. integrada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, non aportan as resolucións administrativas ou xudiciais nin tampouco a xustificación da intervención do persoal adscrito á execución do contrato nos procedementos relacionados na memoria. No caso da U.T.E. integrada por CALIXTO ESCARIZ, SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.), non xustifican a intervención do persoal adscrito á execución do contrato, nos procedementos xudiciais incorporados na oferta.

No criterio 3, non se valorou a oferta presentada pola U.T.E. integrada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, xa que non aportan as copias dos informes nin as resolucións administrativas ou xudiciais. Tampouco xustifica a intervención do persoal adscrito á execución do contrato nos procedementos relacionados na memoria.

Tendo en conta que non procede completar a documentación que non se presenta no sobre "C" nesta fase do procedemento de adxudicación, por acordo unánime dos asistentes da Mesa de Contratación, asígnaselles a puntuación de 0 puntos para os criterios 2 e 3 á U.T.E. integrada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, e 0 puntos para o criterio 2 á U.T.E. integrada por CALIXTO ESCARIZ, SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.), e para o criterio 3 non presenta oferta, quedando as puntuacións como se indican a continuación:

Valoración das ofertas dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica (sobre C) e valoración total

Tendo en conta os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do PCAP e as ofertas presentadas polos licitadores e que foron aperturadas públicamente na Mesa de Contratación celebrada o día 01.03.2019,as puntuación resultantes son as que se indican a continuación, previa revisión da documentación e aplicación do PCAP,en concreto,o disposto na cláusula décimo segunda que se reproduce en cada criterio de valoración:

"Sobre C. Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica.

Criterio nº 2: Número de procesos contencioso- administrativos ante o Tribunal Supremo , Tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo en materia de facenda local, nos que participara ou intervise persoal adscrito a execución do contrato.

“ Cláusula décimo segunda do PCAP:

Só se valorarán os asuntos relativos a facenda local ou dereito tributario local nos que intervira persoal adscrito a execución do contrato nos últimos cinco anos ante o Tribunal Supremo, tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo. Valorarase de 0 ata 15 puntos cos seguintes subcriterios:

Procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Tribunal Supremo (7 puntos).

Valorarase de 0 ata 7 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Tribunal Supremo.

$$Puntuación = 7 \times \frac{OC}{MO}$$

OC: Número de procesos presentados polo licitador a considerar
MO: mellor oferta de número de procesos exitosos

2.- Procesos contencioso- administrativos con éxito ante Tribunais superiores de xustiza (4 puntos).

Valorarase de 0 ata 4 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Tribunais superiores de xustiza

$$Puntuación = 4 \times \frac{OC}{MO}$$

OC: Número de procesos presentados polo licitador a considerar
MO: mellor oferta de número de procesos exitosos

3.- Procesos contencioso- administrativos sen éxito ante o Tribunal Supremo (2 puntos).

Valorarase de 0 ata 2 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos sen éxito ante o Tribunal Supremo.

$$Puntuación = 2 \times \frac{OC}{MO}$$

OC: Número de procesos presentados polo licitador a considerar

MO: mellor oferta de número de procesos sen exito.

4.- Procesos contencioso- administrativos sen éxito ante Tribunais superiores de xustiza (1 punto).

Valorarase de 0 ata 1 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos sen éxito ante o Tribunais superiores de xustiza

$$Puntuación = 1 \times \frac{OC}{MO}$$

OC: Número de procesos presentados polo licitador a considerar

MO: mellor oferta de número de procesos sen exito.

5.- Procesos contencioso- administrativos con éxito ante Xulgados do Contencioso Administrativo (1 puntos).

Valorarase de 0 ata 1 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Xulgados do Contencioso Administrativo.

$$Puntuación = 1 \times \frac{OC}{MO}$$

OC: Número de procesos presentados polo licitador a considerar

MO: mellor oferta de número de procesos exitosos

Deberá achegarse a declaración do Anexo IV-V, a incluír no sobre C. O contratista deberá presentar a documentación que o acredite o manifestado mediante memoria que conteña: identificación

do procedemento administrativo ou xudicial. A resolución administrativa ou xudicial e a xustificación da intervención de persoal adscrito á execución do contrato).

A efectos de confidencialidade e de conformidade de conformidade co disposto no artigo 133 da LCSP, o Órgano de Contratación e os seus servizos dependentes, non poderán divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. Con este fin os licitadores deberán designar de forma clara e indubitada (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma que permite a súa identificación) a condición de "confidencial" do documento ou información que teña tal carácter. En todo caso, os licitadores que fagan uso desta facultade deberán motivar a confidencialidade da información na lexítima protección de segredos industriais, técnicos ou comerciais, en aspectos confidenciais das súas ofertas e informacións cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, neste procedemento de licitación ou noutros posteriores.(...)"

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son os seguintes :

Licitadores	Observacións	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero non as resolucións administrativas ou xudiciais. -Tampoco xustifica a intervención do persoal adscrito á execución do contrato nos procesos amentados.	0 puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-Non xustifica a intervención do persoal adscrito á execución do contrato nos procesos amentados.	0 puntos

Criterio nº 3: Número de informes técnico- económicos similares ás prestacións ao obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con resultado de éxito ante os Tribunais.

" Cláusula décimo segunda do PCAP:

Só se valorarán os informes técnico- económicos relativos á taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía

eléctrica e gaseoductos, con resultado de éxito ante o Tribunal Supremo , tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo, elaborados nos últimos cinco anos, por persoal adscrito a execución do contrato. Valorarase de 0 ata 15 puntos.

Deberá achegarse declaración do Anexo IV-V, a incluír no sobre C. O contratista deberá presentar a documentación que acredite o manifestado, mediante memoria que conteña: copia dos informes, identificación do procedemento administrativo ou xudicial. A resolución administrativa ou xudicial e a xustificación da intervención de persoal adscrito á execución do contrato).

A efectos de confidencialidade e de conformidade co disposto no artigo 133 da LCSP, o Órgano de Contratación e os seus servizos dependentes, non poderán divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. Con este fin os licitadores deberán designar de forma clara e indubitada (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma que permite a súa identificación) a condición de "confidencial" do documento ou información que teña tal carácter. En todo caso, os licitadores que fagan uso desta facultade deberán motivar a confidencialidade da información na lexítima protección de segredos industriais, técnicos ou comerciais, en aspectos confidenciais das súas ofertas e informacións cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, neste procedemento de licitación ou noutros posteriores.

1.- Número de informes técnico- económicos similares ás prestacións obxecto do contrato elaborados por algún do persoal adscritos a súa execución, con éxito ante o Tribunal Supremo (7 puntos).

Valorarase de 0 ata 7 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico-económicos similares as prestacións obxecto do contrato, que tivesen éxito ante o Tribunal Supremo.

$$Puntuación = 7 \times \frac{OC}{MO}$$

OC: Número de informes presentados polo licitador a considerar

MO: mellor oferta de número de informes exitosos

2.- Número de informes técnico- económicos similares as prestacións obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con éxito ante Tribunais superiores de xustiza (5 puntos).

Valorarase de 0 ata 5 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico- económicos similares ao obxecto do contrato con éxito ante o Tribunais superiores de xustiza.

$$Puntuación = 5 \times \frac{OC}{MO}$$

OC: Número de informes presentados polo licitador a considerar

MO: mellor oferta de número de informes exitosos.

3.- Número de informes técnico- económicos similares as prestacións obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con éxito ante Xulgados do Contencioso Administrativo (3 puntos).

Valorarase de 0 ata 3 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico- económicos similares ao obxecto do contrato con éxito ante o Xulgados do Contencioso Administrativo.

$$Puntuación = 3 \times \frac{OC}{MO}$$

OC: Número de informes presentados polo licitador a considerar .

MO: mellor oferta de número de informes exitosos.

(...)”

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son os seguintes :

Licitadores	Observacións	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero non aporta os informes técnico-económicos. -Tampoco xustifica a intervención do persoal adscrito á execución do contrato nos procesos amentados.	0 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-Non oferta nada neste apartado.	0 Puntos

Criterio nº 4: Horas presenciais de traballo, sobre o mínimo de horas esixido no PPT,en apoio aos servizos correspondentes da Deputación, para a implantación efectiva da taxa polos Concellos.

(Esta oferta de horas é a maiores da bolsa de horas mínima esixida (349,06 horas para o total dos concellos. Ver cláusula décima do PPT).

“ Cláusula décimo segunda do PCAP:

O compromiso esténdese a toda a vixencia do contrato, e articúlase como condición especial de execución cualificada como obriga contractual esencial. No sexto mes antes da finalización do contrato, deberá acreditarse como mínimo a realización do 80% das horas ofertadas .

As horas efectivamente executadas controlaranse mediante informe da persoa responsable do contrato.

Esta oferta de horas é a maiores da bolsa de horas mínima esixida (349,06 horas para o total dos concellos. Ver cláusula décima do PPT).

Na oferta terá que indicarse o prezo/hora.

Valorarase de 0 ata 7,5 puntos.

$$Puntuación = 7{,}5 \times \frac{OC(horas)}{MO(horas)}$$

OC: Número de horas ofertadas polo licitador a considerar

MO: mellor oferta de número de horas

Excepcionalmente se chegada a finalización do contrato, non se consumiran parte das horas ofertadas, dentro dun marxe máximo do 20% das horas ofertadas e estivera o contrato vixente, con ocasión de presentación da última factura ou da liquidación do contrato, descontarase do pagamento, ao adxudicatario, os importes das horas ofrecidas e non executadas, aplicando o valor prezo/hora indicado polo licitador na súa proposición.

(...)"

O resultado de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son as seguintes :

Licitadores	Total horas traballo	Puntuación
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	100 horas (30 euros/hora)	7,5 puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	87 horas (15 euros/hora)	6,53 puntos

Criterio nº 5: Contratación dun maior número de persoas sobre o mínimo de persoas a adscribir para a execución do contrato (cláusula 17 do PCAP e 6 do PPT).

" Cláusula décimo segunda do PCAP:

Equipo Técnico mínimo adscrito á execución do contrato:

Un Graduado/Licenciado en Dereito.

Un Graduado/Licenciado en Ciencias Económicas.

Un Enxeñeiro Industrial

Un Administrativo de apoio.

Criterio de valoración:Valorarase de 0 ata 2,5 puntos segundo o indicado a continuación.

Un Graduado/Licenciado en Dereito a maiores do mínimo esixido: 0,75 puntos

Un Graduado/Licenciado en Ciencias Económicas a maiores do mínimo esixido: 0,75 puntos.

Un Enxeñeiro Industrial a maiores do mínimo esixido: 0,60 puntos

Un Administrativo de apoio a maiores do mínimo esixido: 0,40 puntos

(...)"

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son os seguintes :

Licitadores	Equipo a adscribir sobre o mínimo	Total puntuación
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP.	-1 Enxeñeiro Industrial. - 4 Licenciados en Dereito. - 1 Administrativo de apoio	1,75 puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-2 Enxeñeiros Industriais. - 1 Licenciado en Ciencias Económicas -2 Licenciado en Dereito. -1 Administrativo de apoio	2,5 puntos

Criterio :Oferta económica.

"Cláusula décimo segunda do PCAP:

Valorarase de 0 ata 40 puntos. Aquelas ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos. A oferta non poderá superar o prezo de licitación establecido na cláusula cuarta deste PCAP. O lictador que se atope neste suposto quedará automaticamente excluído do proceso de licitación.

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE \times \frac{MO}{OP}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica: 40 puntos

MO = mellor oferta

OP = oferta a valorar

A fórmula atribúe puntos á oferta de forma inversamente proporcional, de maneira que as ofertas máis baixas reciban mellor puntuación que as propostas de prezos máis altos, o prezo máis baixo de todas as ofertas presentadas obterá unha puntuación de 40 puntos.

Non se admitirán ofertas por enriba do tipo de licitación. (...)"

Resultado da apertura da oferta neste apartado:

Licitadores	Prezo (sen IVE)	Puntuacións
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	203.631 euros	31,40 puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	159.840 euros	40 puntos

Puntuación total dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica.

Licitadores	Puntuación sobre C
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	Criterio 2: 0 puntos
	Criterio 3: 0 puntos
	Criterio 4: 7,5 puntos
	Criterio 5: 1,75 puntos
	Oferta económica: 31,40 puntos
	Puntuación total: 40 ,65 puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	Criterio 2: 0 puntos
	Criterio 3: 0 puntos
	Criterio 4: 6,53 puntos
	Criterio 5: 2,5 puntos
	Oferta económica: 40 puntos
	Puntuación total: 49,03 puntos

Puntuación total

Licitadores	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	20 puntos	40,65 puntos	60,65 puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	8,70 puntos	49,03puntos	57,73 puntos

(...)"

O Presidente informa aos integrantes da Mesa de Contratación que as valoracións dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes quedan supeditadas a unha segunda revisión en detalle polo servizo de contratación en coordinación co servizo xestor que impulsou o procedemento, e no suposto de detectarse algún erro darase conta á Mesa de Contratación nunha nova convocatoria.

De non alterarse as puntuacións iniciais, a Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación as seguintes propostas:

Outorgar aos licitadores concorrentes as seguintes puntuacións e clasificar aos licitadores presentados atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Orde de importancia	Licitadores	Puntuación total
1	HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	60,65 Puntos
2	CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	57,73 Puntos

Requirir á U.T.E. integrada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. a fin de que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Efectuada revisión das valoracións, non se detectou erro, de modo que se continúa coa tramitación do procedemento de adxudicación.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.

En base ao que vai dito e de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, proponse que pola Presidencia da Deputación de Lugo se acepte a proposta feita pola mesa de contratación con data de 15abril de 2019, e consecuentemente se adopte a seguinte resolución:

Asumir como propia a proposta da mesa de contratación de data 15.04.2019, clasificando aos licitadores presentados atendendo o seguinte orde de importancia e ponderación:

Orde de importancia	Licitadores	Puntuación total
1	HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	60,65 puntos
2	CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	57,73 puntos

Requirir á U.T.E. integrada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP., a fin de que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O día 06 de maio de 2019, a Presidencia procedeu a requirir a HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.), a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento o día 08 de maio de 2019.

A U.T.E. HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa efectuado e posteriormente, e previo requerimento de subsanación da documentación á U.T.E. HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, emendou correctamente as deficiencias da mesma o día 11 de xullo de 2019.

O día 19.08.2019 celebrouse unha nova mesa de Contratación para dar conta dun erro no informe de valoración dos "Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica", sendo aprobado o informe rectificado na súa integridade e quedando a redacción definitiva segundo se sinala a continuación:

"Contratación da realización de inventarios e informes técnico- económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos.

Asunto:rectificación da valoración das ofertas dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica (sobre C) e valoración total.

Antecedentes

Informe de valoración de data 15 de abril de 2019.

O día 10 de xullo de 2019 a empresa CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.), remite un correo electrónico no que nos solicitan aclaración das puntuacións do criterio 2, nos términos que se recollen a continuación.

"En relación ao proceso de contratación da realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos., gustaríanos aclarasen a puntuación correspondente a Sobre C – Criterio 2: Número de procesos contencioso-administrativos ante o Tribunal Supremo, Tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do

Contencioso Administrativo en materia de facenda local, nos que intervira persoal adscrito a execución do contrato.

Este despacho aportou:

Procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Tribunal Supremo.Ningún

Procesos contencioso- administrativos con éxito ante Tribunales superiores de Xustiza. 2 sentencias.

Procesos contencioso- administrativos sen éxito ante o Tribunal Supremo.Ningún.

Procesos contencioso- administrativos sen éxito ante Tribunales superiores de Xustiza. Aporta 6 sentencias.

Procesos contencioso-administrativos con éxito ante Xulgados do Contencioso Administrativo. Aporta 8 sentencias."

Vista a solicitude de aclaración realizada, procedeuse a revisar a valoración do criterio segundo dos "Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica",detectándose un erro na determinación dos puntos, xa que se lles puntuou con cero puntos por non quedar xustificada a participación de todo o persoal adscrito ao contrato ,cando a cláusula décimo segunda do PCAP di:

"Anexo IV-V, Sobre C. Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica.

Criterio nº 2: Número de procesos contencioso- administrativos ante o Tribunal Supremo , Tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo en materia de facenda local, nos que participara ou intervise persoal adscrito a execución do contrato.

Só se valorarán os asuntos relativos a facenda local ou dereito tributario local nos que intervira persoal adscrito a execución do contrato nos últimos cinco anos ante o Tribunal Supremo, tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo. Valorarase de 0 ata 15 puntos cos seguintes subcriterios:

(...)”

Tendo en conta o antedito procedese a rectificar o informe de valoración emitido en data 15 de abril de 2019 e cuxa redacción definitiva sería a seguinte.

“Asunto:valoración das ofertas dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica (sobre C) e valoración total

Tendo en conta os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do PCAP e as ofertas presentadas polos licitadores e que foron aperturadas públicamente na Mesa de Contratación celebrada o día 01.03.2019,as puntuación resultantes son as que se indican a continuación, previa revisión da documentación e aplicación do PCAP,en concreto,o disposto na cláusula décimo segunda que se reproduce en cada criterio de valoración: (...)”

“Sobre C. Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica.

Criterio nº 2: Número de procesos contencioso- administrativos ante o Tribunal Supremo , Tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo en materia de facenda local, nos que participara ou intervise persoal adscrito a execución do contrato.

“ Cláusula décimo segunda do PCAP:

Só se valorarán os asuntos relativos a facenda local ou dereito tributario local nos que intervira persoal adscrito a execución do contrato nos últimos cinco anos ante o Tribunal Supremo, tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo. Valorarase de 0 ata 15 puntos cos seguintes subcriterios:

1.- Procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Tribunal Supremo (7 puntos).

Valorarase de 0 ata 7 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Tribunal Supremo.

Licitadores	Observacións	Puntuación Total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria onde relaciona n e identifican 21 sentencias aínda que soamente se valoran1das 21 sentencias relacionadas porque é a única na que participa persoal adscrito ao contrato.	7 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-Non aporta sentencias.	0 Puntos

2.- Procesos contencioso- administrativos con éxito ante Tribunais superiores de xustiza (4 puntos).

Valorarase de 0 ata 4 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Tribunais superiores de xustiza .

Licitadores	Observacións	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria onde relacionan e identifican 34 sentencias neste apartado, aínda que soamente se valoran 5 das 34 sentencias porque son ás únicas onde queda xustificada a participación do persoal adscrito ao contrato.	4 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-Aporta 2 sentencias.	1,6 Puntos

3.- Procesos contencioso- administrativos sen éxito ante o Tribunal Supremo (2 puntos).

Valorarase de 0 ata 2 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos sen éxito ante o Tribunal Supremo.

Licitadores	Observacións	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria onde relacionan e identifican 3 sentencias neste apartado, aínda que non se valoran porque non queda xustificada a participación do persoal adscrito ao contrato.	0 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-Non aporta sentencias.	0 Puntos

4.- Procesos contencioso- administrativos sen éxito ante Tribunais superiores de xustiza (1 punto).

Valorarase de 0 ata 1 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos sen éxito ante o Tribunais superiores de xustiza.

Licitadores	Observacións	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria onde relacionan e identifican 32 sentencias neste apartado, aínda que non se valoran porque non queda xustificada a participación do persoal adscrito ao contrato	0 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-Aporta 6 sentencias.	1 Puntos

5.- Procesos contencioso- administrativos con éxito ante Xulgados do Contencioso Administrativo (1 puntos).

Valorarase de 0 ata 1 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso- administrativos con éxito ante o Xulgados do Contencioso Administrativo.

Licitadores	Observacións	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria onde relacionan e identifican sentencias neste apartado pero non aporta as sentencias. Non se valora xa que non son accesibles por non estar publicadas.	0 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-Aporta 8 sentencias.	1 Puntos

Deberá achegarse a declaración do Anexo IV-V, a incluír no sobre C. O contratista deberá presentar a documentación que o acredite o manifestado mediante memoria que conteña: identificación do procedemento administrativo ou xudicial. A resolución administrativa ou xudicial e a xustificación da intervención de persoal adscrito á execución do contrato).

A efectos de confidencialidade e de conformidade de conformidade co disposto no artigo 133 da LCSP, o Órgano de Contratación e os seus servizos dependentes, non poderán divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. Con este fin os licitadores deberán designar de forma clara e indubitada (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma que permite a súa identificación) a condición de "confidencial" do documento ou información que teña tal carácter. En todo caso, os licitadores que fagan uso desta facultade deberán motivar a confidencialidade da información na lexítima protección de segredos industriais, técnicos ou comerciais, en aspectos confidenciais das súas ofertas e informacións cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, neste procedemento de licitación ou noutros posteriores.

(...)"

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son os seguintes :

Licitadores	Puntuación total do criterio 2
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	11 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	3,6 Puntos

Criterio nº 3: Número de informes técnico- económicos similares ás prestacións ao obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con resultado de éxito ante os Tribunais.

"Cláusula décimo segunda do PCAP:

Só se valorarán os informes técnico- económicos relativos á taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, con resultado de éxito ante o Tribunal Supremo , tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo, elaborados nos últimos cinco anos, por persoal adscrito a execución do contrato. Valorarase de 0 ata 15 puntos.

Deberá achegarse declaración do Anexo IV-V, a incluír no sobre C. O contratista deberá presentar a documentación que acredite o manifestado, mediante memoria que conteña: copia dos informes, identificación do procedemento administrativo ou xudicial. A resolución administrativa ou xudicial e a xustificación da intervención de persoal adscrito á execución do contrato).

A efectos de confidencialidade e de conformidade co disposto no artigo 133 da LCSP, o Órgano de Contratación e os seus servizos dependentes, non poderán divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. Con este fin os licitadores deberán designar de forma clara e indubitada (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma que permite a súa identificación) a condición de "confidencial" do documento ou información que teña tal carácter. En todo caso, os licitadores que fagan uso desta facultade deberán motivar a confidencialidade da información na lexítima protección de segredos industriais, técnicos ou comerciais, en aspectos confidenciais das súas ofertas e informacións cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, neste procedemento de licitación ou noutros posteriores.

1.- Número de informes técnico- económicos similares ás prestacións obxecto do contrato elaborados por algún do persoal adscritos a súa execución, con éxito ante o Tribunal Supremo (7 puntos).

Valorarase de 0 ata 7 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico- económicos similares as prestacións obxecto do contrato, que tivesen éxito ante o Tribunal Supremo

2.- Número de informes técnico- económicos similares as prestacións obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con éxito ante Tribunais superiores de xustiza (5 puntos).

Valorarase de 0 ata 5 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico- económicos similares ao obxecto do contrato con éxito ante o Tribunais superiores de xustiza.

3.- Número de informes técnico- económicos similares as prestacións obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con éxito ante Xulgados do Contencioso Administrativo (3 puntos).

Valorarase de 0 ata 3 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico- económicos similares ao obxecto do contrato con éxito ante o Xulgados do Contencioso Administrativo.

(...)”

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son os seguintes :

Licitadores	Observacións	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero non aporta os informes técnico-económicos.	0 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-Non oferta nada neste apartado.	0 Puntos

Criterio nº 4: Horas presenciais de traballo ,sobre o mínimo de horas esixido no PPT,en apoio aos servizos correspondentes da Deputación, para a implantación efectiva da taxa polos Concellos.

(Esta oferta de horas é a maiores da bolsa de horas mínima esixida (349,06 horas para o total dos concellos. Ver cláusula décima do PPT).

“ Cláusula décimo segunda do PCAP:

O compromiso esténdese a toda a vixencia do contrato, e articúlase como condición especial de execución cualificada como obriga contractual esencial. No Sexto mes antes da finalización do contrato, deberá acreditarse como mínimo a realización do 80% das horas ofertadas.

As horas efectivamente executadas controlaranse mediante informe da persoa responsable do contrato.

Esta oferta de horas é a maiores da bolsa de horas mínima esixida (349,06 horas para o total dos concellos. Ver cláusula décima do PPT).

Na oferta terá que indicarse o prezo/hora..Valorarase de 0 ata 7,5 puntos.

(...)

Excepcionalmente se chegada a finalización do contrato, non se consumiran parte das horas ofertadas, dentro dun marxe máximo do 20% das horas ofertadas e estivera o contrato vixente, con ocasión de presentación da última factura ou da liquidación do contrato, descontarase do pagamento, ao adxudicatario, os importes das horas ofrecidas e non executadas, aplicando o valor prezo/hora indicado polo licitador na súa proposición.

(...)"

O resultado de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son as seguintes :

Licitadores	Total horas traballo	Puntuación
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	100 horas (30 euros/hora)	7,5 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	87 horas (15 euros/hora)	6,53 Puntos

Criterio nº 5: Contratación dun maior número de persoas sobre o mínimo de persoas a adscribir para a execución do contrato (cláusula 17 do PCAP e 6 do PPT).

" Cláusula décimo segunda do PCAP:

Equipo Técnico mínimo adscrito á execución do contrato:

Un Graduado/Licenciado en Dereito

Un Graduado/Licenciado en Ciencias Económicas

Un Enxeñeiro Industrial

Un Administrativo de apoio.

Criterio de valoración: Valorarase de 0 ata 2,5 puntos segundo o indicado a continuación.

Un Graduado/Licenciado en Dereito a maiores do mínimo esixido: 0,75 puntos

Un Graduado/Licenciado en Ciencias Económicas a maiores do mínimo esixido: 0,75 puntos.

Un Enxeñeiro Industrial a maiores do mínimo esixido: 0,60 puntos

Un Administrativo de apoio a maiores do mínimo esixido: 0,40 puntos

(...)"

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son os seguintes :

Licitadores	Equipo a adscribir sobre o mínimo	Total puntuación
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP.	-1 Enxeñeiro Industrial. - 4 Licenciados en Dereito. - 1 Administrativo de apoio	1,75 puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-2 Enxeñeiros Industriais. - 1 Licenciado en Ciencias Económicas -2 Licenciado en Dereito. -1 Administrativo de apoio	2,5 puntos

Criterio : Oferta económica.

"Cláusula décimo segunda do PCAP:

Valorarase de 0 ata 40 puntos. Aquelas ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos. A oferta non poderá superar o prezo de licitación establecido na cláusula cuarta deste PCAP. O lictador que se atope neste suposto quedará automaticamente excluído do proceso de licitación.

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:
(...)

A fórmula atribúe puntos á oferta de forma inversamente proporcional, de maneira que as ofertas máis baixas reciban mellor puntuación que as propostas de prezos máis altos, o prezo máis baixo de todas as ofertas presentadas obterá unha puntuación de 40 puntos.

Non se admitirán ofertas por enriba do tipo de licitación.
(...)"

Resultado da apertura da oferta neste apartado:

Licitadores	Prezo (sen IVE)	Puntuacións
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	203.631 euros	31,40 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	159.840 euros	40 Puntos

Puntuación total dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica.

A continuación dase conta das valoracións das ofertas presentadas para os criterios cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica (Sobre C) e valoración total, tendo en conta as seguintes incidencias detectadas na documentación presentada polas empresas concorrentes no procedemento segundo o exposto anteriormente neste informe.

No criterio 2, Na memoria presentada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, se relacionan e identifican as resolucións administrativas ou xudiciais, indicando o Concello que se recurre,o nº. de procedemento, tribunal, data da sentencia e documentación xustificativa,polo que aínda que non aportan as sentencias ao ser públicas e ter os

datos necesarios que as identifican para poder acceder a elas, considéranse valorables segundo o artigo 28 da lei 39/2015.

“Artículo 28. Documentos aportados por los interesados al procedimiento administrativo.

Los interesados deberán aportar al procedimiento administrativo los datos y documentos exigidos por las Administraciones Públicas de acuerdo con lo dispuesto en la normativa aplicable. Asimismo, los interesados podrán aportar cualquier otro documento que estimen conveniente.

Los interesados tienen derecho a no aportar documentos que ya se encuentren en poder de la Administración actuante o hayan sido elaborados por cualquier otra Administración. La administración actuante podrá consultar o recabar dichos documentos salvo que el interesado se opusiera a ello. No cabrá la oposición cuando la aportación del documento se exigiera en el marco del ejercicio de potestades sancionadoras o de inspección.

(...)”

Nembargantes, non todas as sentencias relacionadas na memoria xustifican a intervención do persoal adscrito á execución do contrato,polo que non todas se valoran tal e como se indica no apartado “observacións” das puntuacións de cada subcriterio deste apartado.

No criterio 3, non se valorou a oferta presentada pola U.T.E. integrada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, xa que non aportan as copias dos informes nin as resolucións administrativas ou xudiciais. Tampouco xustifica a intervención do persoal adscrito á execución do contrato nos procedementos relacionados na memoria.

Tendo en conta o antedito, as puntuacións definitivas quedarían como se indican a continuación:

Puntuacións sobre C

Licitadores	Puntuación sobre C
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	Criterio 2: 11 Puntos
	Criterio 3: 0 Puntos
	Criterio 4: 7,5 Puntos
	Criterio 5: 1,75 Puntos
	Oferta económica: 31,40 Puntos
	Puntuación total: 51 ,65 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	Criterio 2: 3,6 Puntos
	Criterio 3: 0 Puntos
	Criterio 4: 6,53 Puntos
	Criterio 5: 2,5 Puntos
	Oferta económica: 40 Puntos
	Puntuación total: 45,63 Puntos

Puntuacións totais. (Sobre B+ Sobre C)

Licitadores	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	20 Puntos	51,65 Puntos	71,65 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	8,70 Puntos	52,63 Puntos	61,33 Puntos

A vista do anterior, elévase o presente informe á mesa , a fin de correxir as puntuacións do criterio segundo dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes, se ben este cambio de puntuacións neste apartado non alteran a orde da clasificación dos licitadores, polo que se propón aplicar o principio de conservación dos actos realizados co fin de proceder á adxudicación do contrato.

En Lugo a 19 de agosto de 2019
O Xefe do Servizo de Contratación e Fomento
P.A. De Presidencia de data 10.07.2019.
A Xefa da Sección de Contratación Xeral
Margarita Tarrío Álvarez

(…)”

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011,aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018."

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que a U.T.E. integrada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP , aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á U.T.E. integrada por HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP, a contratación da realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, por un importe de 203.631 euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 42.762,51euros, o que fai un total de 246.393,51euros.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a prestar o servizo de realización de inventarios e informes técnico- económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, con estrita suxeición o PCAP e o PPT, e por un prazo de 4 anos, sen posibilidade de prórroga,establecéndose a obriga de executar ao longo dos primeiros 8 meses a realización do inventario das afeccións das liñas eléctricas aos bens municipais de dominio público e o estudio técnico- económico para a implantación da taxa e poñer a disposición de cada un dos concellos o resultado do contrato de servizos no que se refire ao seu municipio (cláusula 4ª, apartados 1 ao 5 do PPT) .A entrada en vigor do contrato será a partir do día seguinte á subscrición

das actas de inicio da prestación do servizo, una vez formalizado o contrato. O pagamento realizarase segundo o disposto na cláusula vixésimo terceira do PCAP.

3º.- As obrigas que se deriven da presente contratación financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 9200.22706, do orzamento de gastos do 2018, por unha cantidade máxima de 246.393,51€.

4º.- Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais, aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP, as recollidas na cláusula 22.2 e 22.3 do PCAP.

5º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 4 anos,sen posibilidade de prorroga, contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

6º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN (SIMPLIFICADO). LOTE 2. VÍAS E OBRAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Antecedentes.

Visto o Informe Xurídico- Administrativo no que, logo de relacionar os antecedentes incorporados ao expediente, se recollen as seguintes consideracións:

A cláusula 24 do PCAP que rexe a contratación establece que:

“Non se prevé a modificación contractual na documentación que rexe a licitación de acordo co establecido no artigo 203 da LCSP.

O adxudicatario non poderá introducir ou executar modificación algunha na realización dos traballos sen a debida aprobación polo órgano de contratación.

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas nos supostos previstos no artigo 205 LCSP.”

Os artigos 203.2.b e 205 da LCSP dispoñen que:

Artigo 203.2. Os contratos administrativos subscritos polos órganos de contratación só se poderán modificar durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

Cando así se prevese no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Artigo 205. Modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais.

As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior só se poderán realizar cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

Que encontre a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no punto segundo deste artigo.

Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre que esta cumpra todos os requisitos recollidos no punto primeiro deste artigo, son os seguintes:

(…)

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, con indicación das razóns polas cales esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao subscrito nun principio. En calquera condicións seguintes:

Que a modificación introduza condicións que, de figuraren no procedemento de contratación inicial, terían permitido a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente, ou terían atraído máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso, considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, de ser o caso, se esixiu no procedemento de licitación orixinal.

Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso, considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso, considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, o 15 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, se se trata do contrato de obras, ou dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 ao 23.

As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación se encontren dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

O informe asinado polo responsable accidental do contrato e xefe accidental do servizo de vías e obras argumenta: "Las obras objeto de la propuesta de modificación no se incluyeron inicialmente en el Contrato puesto que la situación administrativa de éstas en el momento de la elaboración de los pliegos que rigen el Contrato no permitía su ejecución. Puesto que, actualmente la situación administrativa de estas obras no sólo permite su ejecución si no que la hace urgente, y, a falta de otro contrato para llevar a cabo el control de calidad en estas obras, se considera necesario incluirlas en el Contrato".

Polo tanto, enténdese que concorre a causa prevista na letra c) do artigo 205.2. En todo caso, a modificación do contrato ao abeiro do artigo 205.2 c) da LCSP non poderá alterar as

condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato, dado que terá a condición de modificación non substancial do contrato.

A baixa do 35% sobre os prezos unitarios deste contrato, ofertada pola adxudicataria, permite levar a cabo esta modificación sen que se vexa afectado o importe do contrato, manténdose o importe de 22.212,17 euros máis IVE (4.664,68 euros), en total, 26.877,45 IVE incluído.

Tendo en conta a circunstancia antedita na cláusula anterior, xurde a obriga para a actual adxudicataria EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L, previa petición pola Deputación Provincial de Lugo, de asumir esta modificación. A proposta do Servizo de Vías e Obras foi conformada pola adxudicataria.

No que atinxe ao procedemento establecido no artigo 206 da LCSP as modificacións do contrato recollidas no artigo 205, serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído. Neste caso, a modificación do contrato non supón incremento ningún do prezo.

Artigo 206. Obrigatoriedade das modificacións do contrato.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Cando, de acordo co disposto no número anterior, a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, só será acordada polo órgano de contratación logo de conformidade daquel por escrito; no caso contrario resolverase o contrato de conformidade co establecido na letra g) do número 1 do artigo 211.

A modificación do contrato non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, xa que non hai variación do prezo.

En canto ás especialidades procedimentais para este tipo de modificación veñen recollidas no artigo 207 da LCSP que se reproduce a continuación:

Artigo 207. Especialidades procedementais.

(…) 3. Os órganos de contratación que modificasen un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, con excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do número 2 do artigo 205, deberán publicar no «Diario Oficial de la Unión Europea» o correspondente anuncio de modificación conforme o establecido nesta lei.

Así mesmo, os órganos de contratación que modificasen un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

4. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 191.

Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.7.4. das bases de execución do orzamento 2019, enténdese, desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 205 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.7.4 Modificación do contrato:

- No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos,que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da LCSP e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, que no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Tendo en conta o establecido na cláusula segunda do PCAP, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación e nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Presidencia, en virtude do establecido no art.59, apartados 8 e 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º. Aprobar o a modificación do obxecto do contrato do servizo de control de calidade nas obras e servizos da Deputación de Lugo , Lote 2 (Vías e obras), sen aumento do prezo de adxudicación, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación, engadindo ás obras iniciais obxecto do contrato as seguintes:

Concello	Obra
Muras	Rehabilitación de firme LU-P-3401 "AGUIAS (LU-540A)-MURAS E RAMAL A IGREXA DO BURGO PK 0+045 AL 1+040, PK0+087 AL 0+530(RAMAL), LU-P-3404 "CASATEITA (LU-P-3403)-ESCOLA DE PAlO" PK 0+000 AL 1+962, LU-P-3406"PICHEIRA(LU-540)-IRlXOA-BALSA(LU-P-6502)PK 0+045 AL 2+645 Y LU-P-6502"VILALBA(LU-118)-A BALSA-CHAVIN(LU-161)PK24+309 AL PK26+725, PK27+15O AL 32+000

Ourol	Rehabilitación de firme en tramos discontinuos de vías: Lu-P-3801 "OUROL-O CARME-AS LOBEIRAS" entre pk 1+900 Y9+820; LU-P-3802 "OUROL-IGREXA DE OUROL" entre pk 0+000 Y 1+665; LU-P-6602 "RUANOVA-SIXTO-MURAS" entre pk6+550 y 8+300; LU-P-3807 "BRAVOS-FOXO-SAN PANTALEON" entre pk 0+000 Y 0+450; LU-P-3803 "PONTE TORTA-CRUZDAS LEIRAS' entre pk 0+900 y 1+750.
Antas de Ulla	Rehabilitación de firme LU-P-0302 Antas de Ulla (N-640)-Santa Mariña-Límite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)", pk0+270 al 4+800
Samos	Rehabilitación de firme LU-P-5601 Samos (LU-633)-Courel (LU-P-1301) e ramal a Sta Mariña", pk 7+830 al 10+000 y LU-P5603 "Aira Padrón (LU-P-5601)-Ponte Louzara-Praducelo (LU-P-56o1, pk 0+000 al2+800
Abadin	Rehabilitación de firme LU-P-0107 "Abadin (N-634)-Fanoi, pk 0+000 al 2+260 y LU-P-0u1O Foxas (N-634)-Aldixe", pk 0+000 al 0+817
Saviñao	Rehabilitación de firme LU-P-4102 Ferreira (N12OA)-Currelos (LU-611)", pk 14+500 al 22+340
Saviñao	Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)", pk 22+150 al 25+410. 0 SAVIÑAO
Lugo	Rehabilitación de firme LU-P-2901 LU-232-O Burgo-Palas de Rei (N-547)", pk 0+000 al 3+300, LU-P-2902 Lugo-Ponte deOmbreiro (LU-234)', pk 7+500 al 8+175, LU-P-2903 "Carballido (Lu-232) - Santalla de Bóveda-Poutomillos (LU-P-2901)', pk0+000 al 2+300, LU-P-2910 "Tolda de Castela (N-Vl)-Canteiras de Buratai", pk 1+620 al 2+150 y LU-P-2913 Coeses (LU-P-2907-Terlama)", pk 1+100 al 4+300
Baleira	Rehabilitación de firme LU-P-0403 "Polígono industrial (LU-530)-Rego de Pereira-Quinta (LU-710)", pk 0+925 al 4+000
Guitiriz	Rehabilitación de firme LU-P-2301 "Guitriz (N-Vl)-Vilares (LU-170)", 1+958 al 5+088
Riotorto	Rehabilitación de firme LU-P-2801 'Santo Tomé (LU-122)-Augaxosa-Mazo (LU-124)", pk 8+260 al 10+240
Castro de Rei	Rehabilitación de firme LU-P-1109 "DUMPIN (LU-113)-CORNIDE-ARCOS (LU-115)", pk 0+000 al1+720 y LU-P-1107 "CASTRO (LU-115)-RABADE (N-VIa)", pk 0+000 al 3+900.
Cervantes	Rehabilitación de firme LU-P-1402 "SAN MARTIÑO DA RIBEIRA (LU-722)-QUINDOUS-VILAQUINTE (LU-P-3505)", PK 6+760 A8+750 E LU-P-1408 "FONQUENTE (LU-P-1401)-NOCEDA", PK 0+000 A 2+000
Begonte	Rehabilitación de firme LU-P-0801"BEGONTE (N-VI)-VEIGAS DE BALTAR (LU-541)", PKO+000 AL PK 2+875
O Vicedo	Rehabilitación de firme LU-P-6402 "VICEDO (LU-P-6404) - CRUZ DA PARDIÑEIRA - CRISTO DE PORTAPENA (LU-P-6406). RAMAL A LU-P-6401", pk 12+870 al 16+870.
Carballedo	Rehabilitación de firme LU-P-1003 "CARTELOS (LU-P-1002) - LIMITE PROVINCIA OURENSE", pk 0+000 al 4+500y LU-P1008 "TOLDA (LU-901) - AGREXAN - AGROSANTIÑO (OU-0408)", y pk 0+000 al 2+300".
Rábade	Acondicionamiento LU-P-5102 (RÚA MÚSICO CRISANTO),PK 0+033 AL 0+184.
Chantada	Rehabilitación de firme LU-P-1802"CHANTADA (N-540)- SABADELLE ENCORO BELESAR", PK 1+675 AL 5+000, LU-P- 1804"TOUZA (LU-P-1801)-BELESAR-PONTE DE SAN FIZ (LU- 617)", PK 1+700 AL 6+049, Y LU-P-1809 'CHANTADA (N- 540A)- ANTAS DE ULLA (N-640y', PK 2+085 AL 3+600.
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), ainda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Cervantes é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera "a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio, (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que "os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos". O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: "nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)"

En canto ao abastecemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: " a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)"

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Cervantes segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Cervantes a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Cervantes tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de Cervantes será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do

Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que "quedan excluídos do ambito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)".

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "*conveniendi causa*"), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que "en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción".

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2019, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas o convenio sexa o 30 de outubro de 2019, debendo presentar a conta xustificativa antes do 30 de novembro de 2019.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Renovación da rede de abastecemento nos núcleos de Vilarello e As Pontes, de tal xeito que a data para executar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de outubro de 2019, debendo presentar a conta xustificativa no prazo máximo do 30 de novembro de 2019".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa á modificación ao convenio interadministrativo entre esta Deputación e o Concello de Viveiro para a execución de fins comúns consistentes en: Liña1: obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque. Liña 2: actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios, romerias estivais, San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora, Romaría do Naseiro, Rapa das Bestas de Candaoso, Festas Patronais, promoción do deporte e actividades turísticas)*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en:

"Asunto: Modificación convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución de fins comúns consistentes en: Liña 1: obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque. liña 2: actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerias estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; Romaría do Naseiro; Rapa das Bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas).

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 07 de decembro de 2018, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en:

Liña 1: obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque

Liña 2: actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerias estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; Romaría do Naseiro; Rapa das Bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas).

En data 31 de decembro de 2018 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de Viveiro:

"(...)

e)Executar os investimentos relacionados na liña 1, na data límite do 30 de agosto de 2019..."

Dona María Loureiro García, Alcaldesa do Concello de Viveiro achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 07 de agosto de 2019, a través do que manifesta "... execútase nunha zona do centro de Viveiro, con moita afluencia de tráfico, ante a proximidade na celebración das festas patronais durante o prazo de execución das obras que conleva un incremento de vehículos na zona o cal relantiza a realización das mesmas supoñendo un retraso na sua finalización ... solicita ampliación da data límite para execución dos investimentos ata o 30 de setembro de 2019, e data límite para presentación da xustificación ata o 15 de novembro de 2019.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e

deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público"

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos

gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)"

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada

en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

" 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), ainda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Viveiro é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera "a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio, (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que "os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos". O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: "nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga

potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “ ... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 –cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra

actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial" e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, "(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ..."

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Viveiro segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Viveiro a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Viveiro tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber

de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de Viveiro será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que "quedan excluídos do ambito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)".

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "*conveniendi causa*"), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que "en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción".

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da

Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2019, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas o convenio sexa o 30 de setembro de 2019, debendo presentar a conta xustificativa antes do 15 de novembro de 2019.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Liña 1: obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque. Liña 2: actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerias estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; Romaría do Naseiro; Rapa das Bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas).de tal xeito que a data para executar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de setembro de 2019, debendo presentar a conta xustificativa na data límite do 15 de novembro de 2019".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación relativa a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o concello de Foz consistente nas obras de construción dun establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en cautividade de ámbito comarcal, situado no municipio de Foz. Aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de novembro de 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a addenda ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Foz para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de Foz, no que literalmente se establece:

"Antecedentes de feito:

Con data 2 de novembro de 2018, aprobouse pola Xunta de Goberno o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Foz para a

execución dos fins comúns consistentes nas obras de construción dun establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de Foz.

Nesa mesma sesión e acordo tamén se aprobou o gasto para o financiamento (por parte da Deputación Provincial) dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascendía á contía máxima de 90.200,00 €.

Consta no expediente solicitude do concello de Foz, interesando a prorroga para a execución dos investimentos obxecto deste convenio (23/07/2019 e de 13/08/2019).

Resulta necesario, polo tanto, modificar aquel convenio para ampliar o prazo de execución e xustificación ata o 30 de novembro de 2019.

O clausulado do convenio que resulta afectado por estes cambios, son as cláusulas terceira e cuarta, sobre obrigas e compromisos das partes e réxime económico, resultados da cooperación e xustificación da achega económica.

O citado convenio contempla, na cláusula sexta, a posibilidade da súa modificación, co seguinte teor:

"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Deste xeito, as cláusulas referenciadas, quedan redactadas da seguinte maneira:

"Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 90.200,00€ con cargo ao orzamento do 2018.

En caso de producirse baixas na licitación, reducir a cantidade estipulada como financiamento a asumir polo Concello de Foz, ou previa solicitude do Concello, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento que deberá ser coa mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas, ou reducir o financiamento comprometido pola Deputación Provincial.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables

3.2. O Concello de Foz

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, o Concello de Foz comprométese ao seguinte:

Achegar como contribución ao fin común, os proxectos técnicos e/ou memorias valoradas necesarios para a execución das obras /investimentos segundo legalmente proceda, así como asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que sexan preceptivas, xunto coa achega económica indicada na cláusula 4.2.

Aportar os terreos precisos, permisos e autorizacións que sexan preceptivas.

Licitar os investimentos con suxeición ao establecido no LCSP, como órgano de contratación.

Aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido en cada unha das actuacións propostas.

Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de novembro de 2019.

Asumir a titularidade dos resultados obtidos, adicalos ao uso e fin público e conservalos e mantelos, segundo a finalidade.

Tramitar e obter as autorizacións, licenzas e permisos que sexan necesarias para a execución das actuacións indicadas, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Convidar á representación institucional de Deputación aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel) que lle será facilitado polo Gabinete de comunicación desta Deputación.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

E comprométese tamén, en base ao recollido no artigo 6 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compaña en Galicia á implantación ou ampliación, de ser o caso, é a prestación da actividade de recollida e acollida de animais abandonados no seu ámbito territorial, comprometéndose do mesmo xeito a permitir a ampliación deste servizo a un maior ámbito de carácter comarcal sempre respectando as normativas de benestar animal existentes, coa incorporación doutros Concellos. O Concello tramitará, con celeridade o titulo habilitante para autorizar as obras de ampliación e mellora, e no seu caso para realizar a actividade correlativa.

Réxime económico, resultados da cooperación e xustificación da achega económica.

(...)

C. Xustificación:

Unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previsto e contemplado na cláusula terceira neste convenio e na data límite de 30 de novembro de 2019, o concello de Foz, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento para cada actuación. A data de pagamento poderá ser posterior á data fixada como límite para a execución, pero deberá ser anterior á data límite para presentar a xustificación.

Certificacións de obra, acta de recepción, facturas e acreditación dos pagos, que poderán ser posteriores a data límite para execución pero, en todo caso, dentro do prazo de xustificación. Ditos documentos deberán ser orixinais, e serán devoltas, previa petición do concello, unha vez selados polo centro xestor.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello do custo total da actividade, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable emitida polo concello de Foz, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.

Declaración responsable do representante do concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio interadministrativo, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o concello de Foz non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable na que se faga constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

No caso de que a Deputación tivese aboado un anticipo e o concello non executase a totalidade da cantidade aboada por este concepto, o concello de Foz presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación. Tamén procederá a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si e anterior a esta.

Xustificante (fotografías) da difusión da cooperación interadministrativa no formato (cartel/pegatina/ou similar) segundo modelo facilitado polo Gabinete de comunicación, debidamente cuberto onde se poida comprobar a súa colocación na obra ou investimento.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

(...)"

Consideracións

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia. Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articulada, esta última e neste caso a través de un convenio guiado por consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Respecto aos títulos competenciais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica. Nese sentido cabe citar, en materia de protección e benestar animal, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, atribúe as deputacións as seguintes competencias: "atribúe ás persoas titulares das alcaldías dos Concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación da presente lei no seu termo municipal (...).".

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo

ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 25 de outubro de 2018, emitido da aprobación do convenio cuxa modificación se tramita.

Na cláusula quinta do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de Foz, aprobado pola Xunta de Goberno de data 2 de novembro de 2018, establécese a vixencia do mesmo ata o 31 de xaneiro de 2020. A cláusula sexta do mesmo dispón : "(…)"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."; con estas determinacións, a modificación pretendida do convenio podería levarse a cabo cumpríndose coa regulación legal establecida ao respecto, e as propias estipulacións conveniadas. Vixente o convenio en tanto non se produza a súa extinción (cláusula 5ª e 6ª) as partes poden acordar a súa modificación, por mutuo acordo, caso de concorrer interese común.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD), en aplicación do regulamento orgánico publicado no BOP do 10 de marzo de 2011 e de conformidade coa circular de Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se faga constar a modificación identificada no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas, necesario para alcanzar os fins e obxectivos perseguidos co aquel sistema de cooperación (acción colaborativa).

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Este informe substitúe o asinado 01/08/2019, unha vez que o Concello de Foz aportou unha nova solicitude modificando a data de solicitude de prorroga.“

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula terceira do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Foz consistentes nas obras de construción dun establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de Foz, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/043.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/043, correspondente á sociedade civil Casa Roxa, S.C. (Palas de Rei), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 8,2082Has, concedéndolle unha subvención por importe de 4.104,10 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Casa Roxa, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Casa Roxa, S.C., tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/043, destinada a "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 4.104,10€, así como o aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/045.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/045, correspondente a Rosa María Gómez Torres (Friol), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,38 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.690,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Rosa María Gómez Torres, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Rosa María Gómez Torres,

tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/045, destinada a “incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.690,00€, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/048.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/048, correspondente a Mª José Montes Diéguez (Chantada), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,00 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.000,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Mª José Montes Dieguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 1,6797 Has, o que supón un 83,99% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Mª José Montes Diéguez, tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/048, destinada a "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 839,85 €, así como o aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/094.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/094, correspondente a Vicente CalderónVillares (Baralla), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,8906 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.945,30 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Vicente CalderónVillares, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a

documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Vicente CalderónVillares, tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/094, destinada a "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 1.945,30€, así como o aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/104.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/104, correspondente á sociedade civil Finca Paxares, S.C. (Friol), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,11Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.055,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Finca Paxares, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Finca Paxares, S.C., tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/104, destinada a "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 1.055,00€, así como o aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/113.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/113, correspondente á sociedade civil Marrote, S.C. (A Pastoriza), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,3257Has, concedéndolle unha subvención por importe de 662,85 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Marrote, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Marrote, S.C., tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/113, destinada a "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 662,85€, así como o aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/115.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/115, correspondente á sociedade civil Ganadería Matanza, S.C. (Paradela), destinada a incorporación de terras para a súa posta en

produción, cunha superficie de 1,65Has, concedéndolle unha subvención por importe de 825,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Ganadería Matanza, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería Matanza, S.C., tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/115, destinada a "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 825,00€, así como o aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS"; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/127.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/127, correspondente a Juan Carlos Vázquez Gómez (Chantada), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,872 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.436,10 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Juan Carlos Vázquez Gómez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Juan Carlos Vázquez Gómez, tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/127, destinada a “incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.436,10€, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/142.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor.

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/142, correspondente a Rodrigo Otero Gómez (Castro de Rei), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 12,1522 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 6.076,10 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Rodrigo Otero Gómez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Rodrigo Otero Gómez, tramitada co número de expedienteSUBAGR-2018/142, destinada a "incorporación de terras para a súa posta en produción" por un importe de 6.076,10€, así como o aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

"Visto que Dona María Jesús Palacios Vázquez, Funcionaria Provincial, presentou o 7 de agosto de 2019, ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada. Neste escrito a devandita funcionaria, afiliada ao Réxime Xeral da Seguridade Social e en situación de alta, solicita a xubilación anticipada a partir do día 3 de setembro de 2019, sendo este o última día de traballo.

Tendo en conta o establecido no artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece.

"1.- A xubilación do persoal funcionario pode ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

2.- A xubilación voluntaria concederase por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

3.- A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

(…)".

Doutra banda o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece

" Xubilación anticipada por vontade do interesado

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

"a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social sustitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada".

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre, que, no momento causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.a).

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicarase de maneira gradual, fixándose para no ano 2019, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2019	36 anos e 9 meses ou máis.	65 anos.
	Menos de 36 anos e 9 meses	65 anos e 8 meses.

Tendo en conta as consideracións anteriormente formuladas, así como os informes facilitados pola interesada, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo para a xubilación anticipada de Dona María Jesús Palacios Vázquez dende o día 4 de setembro de 2019, sendo o día 3 de setembro de 2019, o último día que presta servizos nesta Entidade".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

"Visto que Don Fernando Planas Roca, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos de Administración Especial do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, cumpre 65 anos o día 30 de agosto de 2019.

Tendo en conta que Don Fernando Planas Roca terá recoñecidos 40 anos e 26 días o día 30 de agosto de 2019, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 36 anos e 9 meses.

O citado funcionario solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo, despois do cumprimento da idade regulamentaria de xubilación, sendo desestimada dita pretensión, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial do 9 de agosto de 2019.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril de Emprego Público de Galicia establece:

"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

(…).

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

(…)".

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

(...)

b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

(...)

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

4. Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social será, en todo caso, a prevista nas normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade."

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

"As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2019	36 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 36 anos e 9 meses	65 anos e 8 meses

[…].”.

Á vista do sinalado e tendo presente que Don Fernando Planas Roca terá acreditado, á data do 30 de agosto 2019, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 36 anos e 9 meses.

Polo anteriormente exposto, vistos os informes dos Servizos, proponse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, Don Fernando Planas Roca, con efectividade do día 30 de agosto de 2019, último día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº307/2019-A.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 307/2019-A, interposto por Dª María Jesús Baamonde Díaz, fronte ao acordo da Xunta de Goberno de data 10 de maio de 2019 polo que se resolve a convocatoria para prover polo sistema de concurso distintos postos de traballo vacantes na vixente RPT reservados a persoal funcionario; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora, se fora preciso.

22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta da Sentenza número 20/2019 de 21 de xaneiro e auto de 1 de febreiro de 2019 do Xulgado do Penal nº 1 de Lugo, ditada no procedemento abreviado 481/2017 por un presunto delito de furto en grao de tentativa no que interviron como parte acusadora o Ministerio Fiscal e como acusación particular a Deputación de Lugo, e cuxo fallo condena ao acusado D. Víctor Manuel Castro Corbelle como autor responsable dun delito de furto en grao de tentativa e imponlle, asemade, as custas procesuais causadas. Logo de que o Xulgado apreciase unha omisión no fallo da sentenza con data do 1 de febreiro de 2019 dita auto no que di textualmente o seguinte: *"En concepto de responsabilidad civil, Víctor Manuel Castro Corbelle indemnizará a la Diputación Provincial de Lugo en la suma de 30.750 euros por los daños ocasionados…"*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segundo.- Dáse conta da Sentenza nº 158/2019 de 18 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 49/2019, seguido a instancia de PELAYO MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data de 23 de marzo de 2018 polos danos ocasionados nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-4102 P.K. 16,8 debido a irrupción dun xabaril na estrada, en cuxo fallo dí o seguinte: "*estimo íntegramente el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de PELAYO MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, y condeno a la Administración demandada a indemnizar a la actora en la suma de 3.540,21 euros, más los intereses legales devengados desde el 23 de marzo de 2018*". A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes dar cumprimento á citada sentenza; e vista a proposta de Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo a cantidade de 300 euros por importe da franquicia do seguro que ten contratado esta Deputación.

Terceiro.- Dáse conta do Decreto de data 24 de xuño de 2019 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento: Peza de Taxación de Custas 0000345/2018, no que se acorda aprobar a taxación de custas practicada no Procedemento Abreviado nº345/2018 por importe de 121 euros, a cuxo pago foi condenada esta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo a cantidade de 121 euros.

23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.